



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de XANEIRO de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día nove de xaneiro de dous mil vinte e seis, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(9).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria do 29 e extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2025, e ordinaria do 2 de xaneiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 1 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2(10).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2223/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 23/12/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde nas obras promovidas polo Concello de Vigo (2223-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde nas obras promovidas polo Concello de Vigo (2223-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación das TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE EN OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de "TRESCENTOS CINCO MIL CATROCIENTOS SETE EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS" (305.407,87 €), segundo a distribución de lotes proposta:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Importe máximo sen IVE	210,336.00 €	42,067.20 €	252,403.20 €
IVE 21%	44,170.56 €	8,834.11 €	53,004.67 €
TOTAL	254,506.56 €	50,901.31 €	305,407.87 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 25.03.2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 2 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación do día 22.05.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDOS DE SEGURIDADE E SAÚDE) por importe de 50.901,31 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 crédito por importe de 152.703,94 € e 101.802,62 € respectivamente , coa seguinte distribución:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
2025	42,417.76 €	8,483.55 €	50,901.31 €
2026	127,253.28 €	25,450.66 €	152,703.94 €
2027	84,835.52 €	16,967.10 €	101,802.62 €
TOTAL	254,506.56 €	50,901.31 €	305,407.87 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 27 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Excluír do lote 2 deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. ATENEA, SAU
2. Q SAFETY BY QUIRÓN PREVENCIÓN"

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de decembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de novembro de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. No Lote 1:
 1. INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, SL
 2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL
 3. UTE TBE - TABIQUE INGENIERÍA, SL

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 3 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. No Lote 2:

1. INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, SL
2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL
3. UTE TBE - TABIQUE INGENIERÍA, SL

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde nas obras promovidas polo Concello de Vigo (2223-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	ATENEA, SAU	91.56
2	TEPRIL, SL	77.46
3	INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, SL	72.45
4	CÍES ATLÁNTICO, SLU	65.56
5	INCOPE CONSULTORES, SL	64.40
6	AGORA INGENIERÍA, SERVICIOS Y PREVENCIÓN, SL	56,06

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, SLU	78,99
2	INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, SL	73,50
3	AGORA INGENIERÍA, SERVICIOS Y PREVENCIÓN, SL	57,03

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATENEA, SAU (Lote 1) e CÍES ATLÁNTICO, SLU (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Cuarto.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU (Lote 1) e CÍES ATLÁNTICO, SLU (Lote 2), o día 5 de decembro de 2025, que presentan a documentación requirida os días 15 de decembro e 8 e 10 do mesmo mes, respectivamente, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 4 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

Esta documentación consta de:

- Lote 1

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos, nos que figuran o obxecto social xunto coa escritura de ampliación e modificación do obxecto social.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI, na que se fai referencia á escritura do cambio de denominación social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (89.077,30 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (89.077,30 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 10.516,80 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

- Lote 2

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran o obxecto social e o poder de representación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (17.815,46 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (17.815,46 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Xustificante de autoliquidación por un importe de 2.103,36 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 5 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU, SAU (Lote 1) e CÍES ATLÁNTICO, SLU (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU (Lote 1) e CÍES ATLÁNTICO, SLU (Lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 3 de novembro de 2025 e 10 de novembro e 2 de decembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Adxudicar a ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, SAU o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde nas obras promovidas polo Concello de Vigo (2223-441) por un prezo total do contrato de 254.506,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.170,56 euros e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do lote 1 recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 24,80 %.

Segundo.- Adxudicar a CÍES ATLÁNTICO, SLU o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde nas obras promovidas polo Concello de Vigo (2223-441) por un prezo total do contrato de 50.901,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.834,11 euros e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do lote 2 recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 5,00 %.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 6 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(11).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS". EXPTE. 2402/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 23/12/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o control da execución das obras de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2402-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o control da execución das obras de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2402-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 7 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de "DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO EUROS con CORENTA E DOUS CÉNTIMOS" (225.348,42 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	28,973.37 €
2026	173,840.21 €
2027	22,534.84 €
TOTAL	225,348.42 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira industrial e polo xefe de Área de Servizos Xerais os días 21 e 22.07.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.08.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420/6320015 (PISCINA TEIS) – proxecto de gasto 22342009- por importe de 28.973,37 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 3420/6320015 crédito por importe de 173.840,21 € e 22.534,84 € respectivamente.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 600,00 % e para a terceira anualidade nun 77,78 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 27 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Excluír deste procedemento a ANTEA IBEROLATAM, SLU, por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.”

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de decembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 8 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o control da execución das obras de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2402-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLN	86,11
2	GALAICONTROL, SL	81,10

Segunda.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLN, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLN, o día 5 de decembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 15 de decembro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran o poder de representación e o obxecto social.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (126.195,12 euros), presentan as contas de 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (126.195,12 euros), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 9 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Autoliquidación por un importe 8.453,45 euros que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Quinto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLN, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLN, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 30 de outubro e 28 de novembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 10 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a REBORED A MARTINEZ ANTONIO, SLN o procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o control da execución das obras de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2402-441) por un prezo total de 204.573,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.504,49 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(12).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 12231/320.

Visto o informe de fiscalización do 30/12/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320)

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 11 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación (12231-320) por procedemento aberto ordinario do "SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ"

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 30 de xullo de 2025 e o prego de cláusulas administrativas de 23 de setembro de 2025, que rexerán a contratación do "SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ".

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 81.216,00 € (IVE INCLUÍDO) para a contratación do "SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ", con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2270100 ("VIXILANCIA E SEGURIDADE") do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	6.768,00 €
2026	27.072,00 €
2027	27.072,00 €
2028	20.304,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 12 de decembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ALCOR SEGURIDAD, SL	98.20
2	PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL	63.39

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, SL, o día 12 de decembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social, o nomeamento da administradora única, a clasificación da mercantil e a habilitación profesional esixida.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M – Subgrupo 2 – Categoría 1) presentan a clasificación Grupo M – Subgrupo 2 – Categoría 5.
- Aval por un importe de 3.000,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 13 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALCOR SEGURIDAD, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SEGURIDAD, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 28 de novembro e 5 de decembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.
- b) Propón o seguinte incremento de visitas de control:
 1. Propón unha visita de control en horario diúrno en sábados, domingos e festivos a maiores do previsto na cláusula 2.2.b) do PPTP.
 2. Propón unha visita de control durante o peche dos centros a maiores do previsto na cláusula 2.2.c) do PPTP.
- c) Propón a seguinte periodicidade nas revisións e controis de mantemento de todos os medios de seguridade (a maiores do previsto na cláusula 2.3.c) do PPT): realización de revisións trimestrais.
- d) Propón unha redución do tempo de resposta ante avarías de 36 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 14 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(13).-RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (ACOPEVI), PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS E GASTRONÓMICAS 2024-2025. EXPTE. 173/1061.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/12/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e a secretaria de Administración Municipal, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primero.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de xuño de 2025, aprobou as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais, Patronais, Copatronais, Gastronómicas, Festivais Folclóricos e actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do ano 2025 na cidade de Vigo. . Expediente 141-1061.

Segundo.- A entidade ASOC. DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (ACOPEVI)(G36614717) solicitou polo Rexistro Xeral con data 21 de xullo de 2025 acollerse a subvención dentro da liña 1.3 como Festa gastronómica de especial interese.

Terceiro.- Examinada a solicitude presentada, comprobouse que non se achegaba a documentación completa esixida, entre outros aspectos, requiríuselle para que acreditara atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

Cuarto.- Mediante requirimento de emenda con número de saída 197389-2025, debidamente notificado o 27/11/2025, concedeuse á entidade solicitante un prazo de 10 días para emendar a solicitude.

Quinto.- Dentro do prazo concedido, con data 01/12/2025 a entidade solicitante presenta escrito achegando documentación para a emenda requirida, na que emenda varios dos aspectos requiridos, pero en relación á necesaria acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias, únicamente se limita a presentar un xustificante de solicitude á AEAT de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e un recibo de presentación de alegacións, sen achegar o certificado emitido pola AEAT

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 15 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

no prazo outorgado, nin solicitar ampliación do mesmo, polo que non quedou acreditado o cumprimento deste requisito esixido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- As Bases Reguladoras destas subvencións, no seu apartado quinto, establecen como requisito que as entidades solicitantes deben atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT.

SEGUNDO.- Resultan de aplicación a lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e a lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as bases reguladoras da convocatoria.

TERCEIRO.- O artigo 13 da lei 38/2003 e o artigo 10 da lei 9/2007 establecen que non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que non se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.

CUARTO.- De conformidade co disposto no artigo 20 da lei 9/2007 e a normativa reguladora da convocatoria, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias pode realizarse mediante certificación administrativa ou mediante consulta de oficio.

Finalizado o prazo de emenda sen quedar acreditado o cumprimento da acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, e tendo en conta que a entidade solicitante autorizou a consulta destes datos no anexo I.1 achegado xunto coa solicitude de subvención, con data 15/12/2025 levouse a cabo unha nova consulta na AEAT con resultado NEGATIVO.

QUINTO.- Constatado mediante consulta á AEAT que a entidade solicitante non se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, circunstancia que impide adquirir a condición de persoa beneficiaria da subvención, é polo que procede a desestimación da solicitude ao non reunir os requisitos necesarios para obter a subvención.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

PROPOSTA

Primeiro.- Desestimar a solicitude de subvención presentada pola entidade ASOC. DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (G36614717), por non



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 16 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, requisito imprescindible para adquirir a condición de entidade beneficiaria.

Segundo.- Notificar o acordo a entidade interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(14).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGO VERTICAL - IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL ENTRE A TRAVESÍA DE VIGO E A RÚA DO TOXAL”. EXPTE. 6787/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/12/2025 e posterior corrección do 09/01/2026, asinado polo xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 22.11.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “ VIGO VERTICAL -IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL ENTRE A RÚA ROSARIO HERNANDEZ DIÉGUEZ (TRAVESÍA DE VIGO) E A RÚA DO TOXAL” a favor da mercantil OTIMA, Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente, SL, (B27841535).

No título do proxecto encargado deslizouse por erro a indicación da rúa Rosario Hernández Diéguez a carón do nome da rúa Travesía de Vigo, sendo esta -Travesía de Vigo e non Rosario Hernández Diéguez- a que xunto coa rúa Toxal constitúen os límites da actuación.

II.- A dita mercantil, trala fase de supervisión do borrador presentado, presenta correctamente tanto

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 17 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

o proxecto contratado como o título do mesmo: VIGO VERTICAL IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E A RÚA DO TOXAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 28.08.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O proxecto ten como obxectivo principal a mellora da accesibilidade peonil a humanización e a remodelación de espazos entre a Travesía de Vigo e a Rúa Toxal. Supón unha actuación de mais de 200 m de lonxitude cunha superficie aproximada de 2.562 m², e máis de 20 m de diferenza de cota entre a zona norte e a zona sur do ámbito na que se atopará o futuro Macroparque Finca Matías.

O ámbito divídese á súa vez en tres subámbitos ben diferenciados:

- 1) Un tramo inicial de aproximadamente 60 m de lonxitude na Travesía de Vigo
- 2) O tramo medio que salva a maior parte do desnivel, onde se proxectan os medios mecánicos e escaleiras alternativas ao trazado peonil mecánico.
- 3) O tramo Final, engarzando co Futuro Macroparque Finca Matías e a Rúa Toxal cuns 40 m de lonxitude.

As principais actuacións son:

- Instalación de 3 Unidades de ramplas mecánicas con lonxitudes comprendidas entre (24 e 29 metros) e a súa obra civil asociada como son as estruturas dos fosos en formigón armado e as tubaxes e elementos de drenaxe.
- Humanización do tramo da Travesía de Vigo e rúa Toxal mediante a reordenación de espazos. Pavimentado das beirarrúas con formigón desactivado con árido visto e con lousa de formigón. Nas zonas de plataforma única será mediante formigón HF-35 desactivado con árido visto. Nas calzadas o pavimento será de mistura bituminosa en quente cunha capa de rodaxe en AC 16 SURF D.
- Renovación da rede de abastecemento de auga potable mediante tubaxe de FD DN100 mm e a instalación de 4 bocas de rego e 1 hidrante.
- Execución dunha rede separativa de augas fecais e pluviais mediante sendos colectores de PVC con diámetros comprendidos entre 315 mm e 1000 mm e a construción de pozos e arquetas tradicionais e de resalto para salvar a elevada pendente lonxitudinal existente.
- Renovación do servizo de alumeado público mediante a colocación de 22 luminarias en columnas a 4 m de altura e 12 balizas na zona verde do ámbito. Tamén se retirarán os elementos de alumeado existentes.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 18 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

- Plantación de 28 unidades de especies de árbores e 780 unidades de especies arbustivas. Tamén se propón a conservación das especies existentes na medida en que a execución da obra o permita.
- Dotación do servizo de rego ás zonas verdes a executar mediante circuíto de rega e elementos de programación, control e manobra.
- Implantación de mobiliario urbano (11 unidades de bancos e cadeiras), 4 papeleiras e 66 m de varandas así como a posta en valor da e indicación do Macroparque Finca Matías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de ONCE (11) MESES.

V.- Os enxeñeiros de camiños, canais e portos emiten o día 26.12.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Segundo se extrae do informe da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 08/10/2025 o solo onde se executarán as actuacións é catalogado como solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado e polo tanto neste último se desenvolverá o Plan Especial de Infraestruturas que integrarán as obras do presente proxecto. Por outra banda os terreos son de titularidade municipal do Concello de Vigo. Tamén se extrae do informe que se cumpre o establecido no planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

Na contorna do ámbito de actuación non se identifican afeccións derivadas dos contornos de protección dos elementos patrimoniais sitos nas proximidades, tal como se indica no informe da arqueóloga municipal de data 25/09/2025.

Tal como se recolle no Anexo 16: Aspectos ambientais e posto que o proxecto non se atopa dentro dos supostos contemplados no Anexo 1 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, non é necesaria someter o proxecto á avaliación ambiental.

Tendo en consideración que dado que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), solicitarase a autorización á Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) previa ao inicio das obras para a implantación dos medios auxiliares para a execución dos traballos recollidos no proxecto.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato,

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 19 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 20 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “VIGO VERTICAL **IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E A RÚA DO TOXAL**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.913.282,42 €) e con sinatura dixital de data 23 de decembro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(15).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”. EXPTE. 6911/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/12/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 15.02.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

II.- O dito arquitecto presenta, trala fase de supervisión, proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 21 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.12.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 16.12.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- A actuación se desenvolve no edificio do situado en la Praza do Rei nº 1, nas dependencias da Policía local. O edificio encóntrase acabado e operativo dende o ano 1976 e conta con accesos directos pola Praza do Rei e a rúa Granada.

A zona de actuación está situada na parte das plantas soto 1, baixa e primeira do edificio. A superficie afectada polas obras é de 1.632 m2.

Se levarán a cabo diferentes actuacións mantendo o aspecto estético do exterior e sen realizar modificacións na estrutura.

As obras contempladas no proxecto son as seguintes:

1.- Instalación de ventilación: Se propoñe realizar a ventilación dos locais da zona da policía local que están localizados na planta baixa e planta soto -1 da edificación. Na planta soto -1: Ximnasio, vestiarios e oficinas e na planta baixa: Oficinas e en galería de tiro reforzo de ventilación mediante sistemas de impulsión e extracción forzada de aire. Se dispoñen tres ventiladores e unha rede de condutos con reixas. En cada unha destas zonas se propoñe un recuperador de calor de placas de tipo horizontal.

Previuse a instalación dun mando táctil central (ademais dos mandos de cada recuperador). Desde este mando central, ubicado no local de ACS do soto 2, pódese realizar o mando e a programación de todos os recuperadores incluídos no proxecto.

2.- Instalación de produción de ACS: Novo local para produción de ACS no interior dun dos almacéns existentes na planta soto 1. Traslado e instalación dos equipos interiores do sistema de captación solar térmica ata o novo local (bombas de circulación, valvulería, sistema de control, etc) instalando dous novos depósitos interacumuladores de 500 litros neste sistema.

Realización dun sistema de produción de ACS por aerotermia con dúas bombas de calor de alta temperatura (R290) de 15 Kw cada unha.

Instalación dun novo interacumulador de 1.000 litros para produción de ACS mediante as bombas de calor citadas.

Instalación dun acumulador final de 500 litros.

Instalación de rede de tubaxes con illamento, bombas de circulación, valvulería e demais elementos.

O sistema de captación solar térmica seguirá funcionando como precalentamento do auga quente para consumo.

3.- Instalación de climatización: Prevíronse os seguintes sistemas de climatización;

- Planta Soto -1. Ximnasio: Sistema mini VRV con unidade exterior (UE-S1-GIM) localizada no interior do garaxe e unidades interiores do tipo cassette.

- Planta Soto -1. Vestiarios: Sistema VRV con unidade exterior (UE-S1-VEST) localizada na cuberta (Planta 2) e unidades interiores do tipo cassette.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 22 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

- Planta Soto -1. Oficinas Interiores: Sistema mini VRV con unidade exterior (UE-S1-OFI-INT) localizada na cuberta (Planta 2) e unidades interiores do tipo cassette.
- Planta Soto -1. Oficinas Exteriores: Sistema VRV con unidade exterior (UE-S1-OFI- EXT) localizada na cuberta (Planta 2) e unidades interiores do tipo cassette.
- Planta Soto -1. Formación: Sistema mini VRV con unidade exterior (UE-S1- FORMACION) localizada na cuberta (Planta 2) e unidades interiores do tipo cassette.
- Planta Baixa. Oficinas: Sistema VRV con unidade exterior (UE-P0-OFI) localizada na cuberta (Planta 2) e unidades interiores do tipo cassette.

Instalación de electricidade: A instalación de electricidade incluída neste proxecto alimentará electricamente aos equipos de ventilación e climatización a instalar. No edificio existe un cadro xeral de baixa tensión localizado na planta soto -2. Se instalará un cadro secundario, cadro climatización zona policía (CSK- POL) localizado nas oficinas da policía na planta soto -1. Desde este cadro se alimentan os novos equipos de climatización e ventilación, así coma un cadro secundario para os equipos de produción de ACS (CSK-ACS) localizado nun almacén anexo as vestiarios de policía da planta soto -1. Desde este cadro se alimentan os novos equipos para produción de ACS, así coma os equipos existentes que se trasladan a esta localización.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 26.12.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

É de aplicación a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025, publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

O proxecto de reparación realízase nun edificio existente, en solo urbano consolidado destinado a equipamentos SX-EQ-AD-400 no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello. As obras a realizar son de conservación e mantemento.

Non modifica as condicións volumétricas, nin os usos, nin a ocupación ou a actividade do edificio, por tanto, considérase que, cúmprense as condicións urbanísticas.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación,

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 23 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei".

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 24 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E UN MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS con CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (551.417,44 €) e asinado dixitalmente os días 1 e 23 de decembro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(16).-NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A: UNIDADE DE APOIO CONSORCIO CASCO VELLO. EXPTE. 47756/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/12/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación de data 10/11/2025, incoouse expediente para nomeamento de persoal interino na Unidade de apoio ao Consorcio Casco Vello de Vigo, coas urxencia e necesidades acreditadas, concretamente para chamamento de 1 auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacante existente conforme ao artigo 10.1 a) do TREBEP.

II.- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procedeuse ao chamamento das persoas candidatas, co resultado de aceptación recollido na dilixencia de verificación de datos incorporada ao trámite 48 do expediente.

III.- Consta igualmente informe técnico de estimación da cuatificación económica de data 17/12/2025, incorporado ao trámite 56 do expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 25 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 26 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa *la cobertura de vacante* (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva, e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

No presente caso a Secretaría de Goberno Local coa conformidade da Concellería de área competente, solicita persoal interino coa categoría de técnico de xestión para a OAR ata a provisión definitiva do posto logo da vacante existente. Polo tanto, visto o artigo 10.1 a) do TREBEP, procede o nomeamento interino ata a provisión definitiva do posto, e en todo caso, por período máximo de tres anos.

Consta incorporada a verificación dos chamamentos realizados (trámite 48 do expediente) conforme aos vixentes criterios co seguinte resultado:

(...)

- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procede o chamamento das/os*

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 27 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

*Auxiliar admin., vacante OEP 2025: C. ÁLVAREZ FERNÁNDEZ con DNI ***5508***

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Consta informe técnico de data 17/12/2025 sobre a cuantificación económica que recolle o seguinte:

“Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal interino dun Auxiliar administrativo no Consorcio Casco Vello, informase

No ano 2026 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 1,5½ contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 28 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Específico:	11151,44 €
Estimación Seguridade social:	11072,13 €

O cal se traslada aos efectos oportunos.”

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025.

PROPOSTA DE ACORDO:

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 29 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Auxiliar administrativo (C2)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a praza vacante (OEP 2025)(artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Destino: Unidade de apoio ao Consorcio Casco Vello de Vigo.
- Período temporal: ata a cobertura do posto - letra a) do artigo 10.1 do TREBEP-, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.
- Custe económico:

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Específico:	11151,44 €
Estimación Seguridade social:	11072,13 €

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacante da OEP 2025, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

- C. ÁLVAREZ FERNÁNDEZ con DNI ***5508**

Todo de conformidade de conformidade coa aprobación dos vixentes criterios de xestión das listas de reserva, (BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 30 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao Consorcio Casco Vello, inspección de persoal, á Xunta de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(17).-NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DA TITULAR: BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 47758/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/12/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente Resolución de incoación do expediente de data 11/11/2025 para o nomeamento de persoal interino por substitución na Área de Benestar Social coa categoría de auxiliar administrativo/a (C2), conforme ás situacións requiridas de substitución que constan documentadas.

- O motivo de substitución é a situación en comisión de servizos en outra administración da titular do posto, con número de persoal 79395 .

II.- Procedeuse ao chamamento conforme ao procedemento establecido nos criterios de xestión de listas de reserva, constando a aceptación, por orde de chamamento (segundo diligencia ncorporada no trámite 33, de data 21/12/2025), dunha persoa candidata en condicións de ser nomeada por reunir os requisitos establecidos na normativa de aplicación.

III.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 17/12/2025 para o nomeamento interino de dous/dúas administrativos/as de administración xeral en substitución transitoria dos/as titulares, durante o tempo estritamente necesario (art. 10.1.b) do TREBEP).

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 31 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

V- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”
A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 32 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 179 de 19/09/2025), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria das persoas titulares durante o tempo estritamente necesario.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 6.09.2024; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo cód. 105 – Administrativo/a

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 33 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Conforme á verificación incorporada no trámite 33 do expediente:

(...) De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

*Auxiliar admin., substitución titular (motivo CS): L. GIL SUÁREZ con DNI ***8090***



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 34 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 17/12/2025:

“Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal interino dun Auxiliar administrativo no servizo de Benestar Socialo, informase

No ano 2026 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, seran:

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Específico:	11151,44 €
Estimación Seguridade social:	11072,13 €

- Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 35 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excma. Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de persoal funcionario interino (1 dotación) nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Auxiliar administrativo (C2).*
- *Modalidade legal: funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):*
 - *Concretamente substitúese á empregada municipal con número de persoal 79395 que se atopa en comisión de servizos en outra administración.*
- *Destino: Benestar Social*
- *Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a substitución da titular que se atopa en situación de comisión de servizos en outra administración, e coa duración máxima contemplada na normativa vixente (un ano dende o seu nomeamento en comisión de servizos con posibilidade de prórroga por outro ano), e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP.*
- *Estimación do custo segundo informe técnico incorporado, dun posto de Auxiliar Administrativo co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, estimados, serán:*

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Especifico:	11151,44 €
Estimacion Seguridade social:	11072,13 €

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina na categoría de Auxiliar administrativa (C2) por substitución transitoria da empregada co número de persoal 79395, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 36 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

- L. GIL SUÁREZ con DNI ***8090**

Todo elo, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ás/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura da Área de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e Xunta de Persoal para os efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Expediente de contratación para alugamento de equipos de iluminación e son para espazos da Alcaldía. Expte. 20878/101.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 37 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(18).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ALUGAMENTO DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA ESPAZOS DA ALCALDÍA. EXPTE. 20878/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 30/12/2025 e o informe de fiscalización do 05/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2025, asinado pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía e o xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

Primeiro.- Obxecto do contrato:

O presente contrato ten por obxecto o alugamento de diversos equipos de iluminación e son para espazos da Alcaldía de Concello de Vigo. En concreto os equipos que se detallan a continuación:

a.- Equipos de iluminación sala de prensa.

- 2 unidades de Sky panel SC60-C;
- 2 unidades Dop choice snapgrid 40º para S60;



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 38 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

- 1 unidade dedolight 100/50/20 W;
- 2 unidades trípode arriplata 29 mmm 3 barras A110;
- 3 unidades de shuco-shuco 16A.;
- 1 unidade de "mariposa";
- 1 rótula ceferino;
- 1 unidade de tocho o bulón 16 mm;
- 1 unidade de slinga seguridade.

b.- Equipos de son:

- Sistema inalámbrico de conferencia MR 5000 D: que inclúa 4 micrófonos de sobremesa- 1 receptor; sincronización por IR entre micrófonos e receptor con ata 200 canais dispoñibles e con saídas balanceadas e desbalanceadas con mistura de canais.
- Monitor de audio ST100: Biampleificados, recinto Bass-relex con potencia 70WRMS.
- DJI Mic 3 (2 TX + 1 RX + estuche de carga) + adaptador de teléfono móbil (Lightning)

O alugamento inclúe instalación dos equipos, portes e reposición de pezas en caso de que fora necesario.

Segundo .- No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e máis do Xefe do Servizo de Administración Electrónica, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal en data 28 de novembro de 2025.
- Memoria económica asinada pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal en data 28 de novembro de 2025. E máis coa conformidade do Concelleiro de Orzamentos e Facenda de data 1 de decembro de 2025.
- Certificado de crédito no que se informa favorablemente sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada na aplicación 9207/2050000 por unha contía de 22.156,16 euros para o ano 2026, quedando diferida a emisión do documento contable de retención de crédito ao momento no que os créditos sexan executivos. Queda suxeito á condición suspensiva en relación coa efectividade do crédito.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 39 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Declaración de neutralidade dos redactores do PPTP de data 16 decembro de 2025.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía e mais polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, de data 16 de decembro de 2025.
- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 3 de decembro de 2025.
- Informe Servizo de contratación e Prego de prescricións administrativas particulares, asinados ambos os dous pola Xefa de Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos con data 16 de decembro d 2025.

Terceiro.- Normativa de aplicación.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 40 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

Cuarto.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministro de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 16 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O contrato adxudicarase por **procedemento aberto simplificado abreviado** (artigo 159.6 LCSP), con o prezo como único factor determinante na adxudicación segundo se establece no artigo 145.3.f) LCSP.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria.

O obxecto do contrato identifícase co código CPV seguinte:31000000-6 (Máquinas, aparatos, equipo e produtos consumibles eléctricos; iluminación) e 32330000-5 (Aparellos de gravación e reprodución de imaxes e son)

quinto.- necesidades a satisfacer pola administración.

A Alcaldía do Concello de Vigo ten a obrigatoriedade de informar á cidadanía sobre as accións, programas e actuacións públicas de relevancia ou interese social, así como dos servizos que pon a súa disposición coa fin de acadar unha sociedade informada e promover a cultura da información comunicando a súa xestión á cidadanía de todos os ámbitos.

Un dos medios utilizados para achegar a información a cidadanía son as roldas de prensa que se realizan diariamente na sala de prensa da Alcaldía.

Para garantir que as anteditas roldas de prensa sexan efectivas, eficaces e accesibles para todos os/as cidadás é necesario dotar de equipos de luces e son axeitados o espazo onde teñen lugar.

O alugamento destes equipos garantirán que a información transmitida sexa clara, audible e visualmente atractiva, o que facilita a comprensión e o interese da comunidade nas noticias e anuncios importantes. Ademais, contar cunha boa iluminación e son profesional axuda a proxectar unha imaxe de transparencia, organización e compromiso por parte da administración local.

Faise constar que a Alcaldía non dispón de medios propios, nin materiais nin persoais para a elaboración dos anteditos agasallos e placas conmemorativas, polo que se debe proceder a súa contratación.

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 41 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sexto- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de **22.156,16 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.845,28 €**

Prezo con iva: **22.156,16 €**

Prezo sen iva: **18.310,88 €**

Importe 21% iva: **22.156,16 €**

O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando os prezos contemplados no último contrato de subministro de alugamento de equipos de luces e son no expediente 20586-101 coa actualización dos mesmos, máis os gastos xerais e o beneficio industrial.

Sétimo- Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a **36.621,76 €** (1anualidade máis 1 ano de prorroga sen o IVE). No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

Oitavo.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

Noveno.- Anualidades

Única anualidade: 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026, por un importe de 22.156,16 € iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva 3.845,28 € con cargo á aplicación orzamentaria 9120 2050000 (alugamento de equipos) ou a súa bolsa de vinculación correspondente ao exercicio económico 2026.

Prórroga: 1 de 1 ano. En consecuencia a duración máxima do contrato será de vinte catro (24) meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 42 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada

Décimo.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

O importe da licitación podería tramitarse como anticipado de gasto. A Alcaldía non dispón de crédito suficiente na bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 9120 2050000 (alugamento de equipos) para o exercicio 2026, polo que o importe da licitación podería tramitarse como anticipado de gasto con cargo a aplicación orzamentaria de Administración Electrónica 92072050000 de nova creación ou a súa bolsa de vinculación 9207,20 do exercicio económico 2026.

O presente contrato non está incluído no "Plan anual de contratación" para o ano 2025, xa que será tramitado como anticipado de gasto, correspondendo a súa inclusión no Plan anual de contratación para o ano 2026.

A adxudicación quedará condicionada á consignación do crédito adecuado e suficiente nos orzamentos para os devandito exercicios.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

Décimo primeiro.- Réxime de pagamento

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación da correspondente factura de xeito mensual con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 43 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

GE0000668 – órganos de Gobierno

A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado para alugamento de diversos equipos de iluminación e son para espazos da Alcaldía de Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas particulares asinado con data 16 de decembro de 2025 pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e mais polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, e o prego de prescricións administrativas particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 16 de decembro de 2025.

Segundo .- Autorizar un gasto total por importe de **22.156,16 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **3.845,28 €** que se tramitará como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria de Administración Electrónica 92072050000 de nova creación ou a súa bolsa de vinculación 9207,20 do exercicio económico 2026.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(19).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:25

Páxina 44 de 45

2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026

CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2009/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 09/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:25	Páxina 45 de 45
2009-1102 Aprobado por XGL 16/01/2026	CSV: A9AEDF-D342B4-BA583F-7Y5NCN-37JEGM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		